

**PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
DO 5º CURSO DE
EDUCACIÓN PRIMARIA
Curso 2021-2022**



**C.P.I. CERNADAS DE CASTRO
LOUSAME**

**Elaboradapor:
Vázquez Pérez, María Sila**

| |
|---|
| ➤ <u>01. Introducción e contextualización.</u> |
| ➤ <u>02. Obxectivos da etapa.</u> |
| ➤ <u>03. Criterios de avaliación e concreción dos mínimos esixibles.</u> |
| ➤ <u>04. Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido.</u> |
| ➤ <u>05. Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.</u> |
| ➤ <u>06. Metodoloxía.</u> |
| ➤ <u>07. Procedementos de avaliación.</u> |
| ➤ <u>08. Criterios de cualificación.</u> |
| ➤ <u>09. Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.</u> |
| ➤ <u>10. Medidas de atención a diversidade.</u> |
| ➤ <u>11. Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.</u> |
| ➤ <u>12. Accións de contribución ao Plan TIC do centro.</u> |
| ➤ <u>13. Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro.</u> |
| ➤ <u>14. Actividades de reforzo/ recuperación.</u> |
| ➤ <u>15. Materiais didácticos incluídos os libros de texto.</u> |
| ➤ <u>16. Actividades complementarias e extraescolares.</u> |
| ➤ <u>17. Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias básicas e obxectivos da etapa, por parte do alumnado.</u> |
| ➤ <u>18. Procedemento e indicadores para avaliación a propia programación/práctica docente.</u> |
| ➤ <u>19. Relación coas familias</u> |
| ➤ <u>20. Concreccións da participación dos pais, nais e titores/as legais no proceso educativo.</u> |
| ➤ <u>21. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.</u> |
| ➤ <u>22. Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis da área que formarán parte dos perfís competenciais.</u> |

01. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Marco Normativo:

- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación. (LODE)
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. (LOE)
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, LOMCE.
- Real Decreto 1513/2006, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Primaria.
- Real Decreto 276/2007, polo que se regula o novo procedemento de acceso á función pública docente.
- Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Orde do 9 de xuño do 2016, pola que se regula a avaliación na Comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

- **Características do Centro.**

O C. P. I. Cernadas de Castro está situado no medio rural no concello de Lousame próximo a unha vila coma a de Noia. A maioría dos alumnos e alumnas do centro proveñen das aldeas do mesmo, aínda que unha parte de alumnado procede da vila de Noia. O centro consta de catro unidades de infantil e once de primaria; tamén ten secundaria. Dispón de comedor, servizo de transporte, ximnasio e xornada continua de 9.10 a 14.10. A actividade económica está relacionada principalmente coa agricultura e tamén a pesca. A lingua materna predominante é o galego: unha porcentaxe moi alta de alumnado considera moi importante falar e escribir neste idioma. Isto é importante e motivador para a aprendizaxe tamén doutras linguas como é as linguas estranxeiras.

En canto as características do grupo, os alumnos e alumnas son sociables na maioría dos casos e teñen respecto ós demais compañeiros e titores

A elaboración desta programación baséase nos contidos ó que fai referencia o PEC como conxunto de intencións que a comunidade escolar trata de facer no seu ámbito de xestión. É importante tamén ter en conta o PCC no que os docentes definimos os obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e criterios organizativos de espazo e tempo, estratexias didácticas, actividades, recursos e atención a diversidade.

O alumnado repártese nunha clase, con 22 alumnos/as no que o ritmo e estilo de aprendizaxe son disitintos. É unha aula moi heteroxénea.

O profesorado que imparte clase neste curso é o seguinte:

María Sila Vázquez Pérez, titora.

Balbina Louro García, especialista de Relixión Católica.

Almudena Blanco Areas, especialista de Lingua Estranxeira, modalidade Inglés.

Cristina Sanvicente Romero, especialista de Educación Física.

Ana Seoane Salgado, especialista de Educación Musical.

- **Referencia ao PE**

No noso Proxecto Educativo (P.E.) defínese a identidade propia do noso centro e nel inclúese o Proxecto Curricular do Centro que se constitúe como o instrumento pedagóxico-didáctico que articula o conxunto de actuacións que teñen como finalidade alcanzar as capacidades previstas nos obxectivos do ciclo en coherencia coas finalidades educativas. Nas directrices que se establecen nesta programación curricular do centro baséase a presente programación didáctica para garantir a progresión e a coherencia na ensinanza dos contidos educativos, adaptando as directrices do Proxecto Educativo de Centro as características e necesidades propias do alumnado, no presente curso, a través dos seguintes puntos da programación:

01. Introducción e contextualización.
02. Obxectivos da etapa.
03. Criterios de avaliación e concreción dos mínimos exixibles.
04. Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido.
05. Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.
06. Metodoloxía.
07. Procedementos de avaliación.
08. Criterios de cualificación.
09. Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.
10. Medidas de atención a diversidade.
11. Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia.

12. Accións de contribución ao Plan TIC do centro.
13. Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro.
14. Actividades de reforzo/ recuperación.
15. Materiais didácticos incluídos os libros de texto.
16. Actividades complementarias e extraescolares.
17. Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias básicas e obxectivos da etapa, por parte do alumnado.
18. Procedemento e indicadores para avaliación a propia programación/práctica docente.

02. OBXECTIVOS DA ETAPA.

Segundo a orde do 23/07/2014 (DOG do 14 de agosto) os obxectivos fixados para a etapa da educación primaria son os que se relacionan na seguinte táboa. Trataremos de adecuar estes obxectivos aos nosos alumnos de quinto de Primaria.

| | |
|---|--|
| a | Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. |
| b | Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. |
| c | Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan. |
| d | Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a nondiscriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos. |
| e | Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas. |
| f | Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. |
| g | Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá. |

| | |
|---|---|
| h | Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia. |
| i | Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren. |
| j | Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. |
| k | Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. |
| l | Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. |
| m | Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo sexual. |
| n | Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. |
| o | Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. |

03. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONCRECIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|---|---|----------------------------|---|
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. | CCL, CSIEE, CAA, CD, CMCCT | Busca, selecciona e comunica información sobre un tema. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. | CCL, CMCCT | Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|---|---|-----------------------|--|
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). | CCL, CSIEE, CMCCT, CD | Non. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. | CMCCT, CAA, CCL | Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre | CNB1.1.5. Efectúa buscas guiadas de información na rede. | CAA, CMCCT, CD | Efectúa buscas guiadas de información na rede. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|---|--|-------------------|--|
| | sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede. | CAA, CMCCT, CD | Non. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia. | CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | CSIEE, CAA, CMCCT | Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|--|---|------------------------|--|
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais. | CNB1.3.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. | CAA, CSC, CMCCT, CSIEE | Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais. | CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación | CMCCT, CSC, CD | Non. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais. | CNB1.3.3. Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar. | CD, CAA, CMCCT | Non. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|---|--|---------------------------------|---|
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. | CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. | CMCCT, CCL, CAA, CSIEE | Realiza sinxelos proxectos e experiencias sacando conclusións. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. | CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, | CMCCT, CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE | Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|--|--|------------|--|
| | | experiencias sinxelas e pequenas investigacións. | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. | CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. | CMCCT | Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. | CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. | CMCCT | Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta | CMCCT, CSC | Coñece as consecuencias dunha alimentación inadecuada. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|--|---|-----------------|---|
| | | conclusións en diversos soportes. | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. | CMCCT, CCL, CSC | Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. | CMCCT, CSC | Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións. | CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as | CMCCT, CCL | Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|--|---|------------|---|
| | | principais características e funcións de cada un deles. | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. | CMCT | Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. | CMCT | Non. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de | CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e | CMCCT, CCL | Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|---|---|------------|---|
| | información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | compoñentes dun ecosistema. | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. | CMCCT, CCL | Estuda con criterio científico ecosistemas próximos. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando | CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. | CMCCT, CSC | Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|---|--|----------------|---|
| | interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica. | CMCCT | Usa algún medio tecnolóxico para a observación científica. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados. | CMCCT, CCL, CD | Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados. |

| ÁREA | | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|----|--|--|---------------|--|
| CIENCIAS NATUREZA | DA | B4.1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica. | CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica). | CMCCT | Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica). |
| CIENCIAS NATUREZA | DA | B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais características da flotación dos corpos. | CNB4.2.1. Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. | CMCCT | Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. |
| CIENCIAS NATUREZA | DA | B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais características da flotación dos corpos. | CNB4.2.2. Describe a diferenza entre masa e volume. | CMCCT, CCL | Describe a diferenza entre masa e volume. |
| CIENCIAS NATUREZA | DA | B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as | CNB4.2.3. Identifica e explica as principais características | CMCCT, CCL | Non. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|--|---|----------------------------|---|
| | principais características da flotación dos corpos. | da flotación nun medio líquido. | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B4.3. Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible. | CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. | CMCCT, CCL, CSC | Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B4.4. Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciación hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes. | CNB4.4.1. Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciación hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os | CMCCT, CAA, CSIEE, CCL, CD | Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; extraer conclusións e comunicar os resultados. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|--|---|--------------|---|
| | | resultados en diferentes soportes. | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B4.4. Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá | CNB4.4.2. Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo. | CMCCT | Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B4.4. Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá | CNB4.4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe. | CMCCT | Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B4.4. Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá | CNB4.4.4. Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro. | CMCCT | Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B5.1. Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuíto eléctrico simple | CNB5.1.1. Observa e identifica os elementos dun | CMCCT, CSIEE | Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|--|---|-----------------|---|
| | que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade. | circuíto eléctrico e constrúen un. | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B5.1. Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuíto eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade. | CNB5.1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá. | CMCCT, CCL | Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B5.1. Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuíto eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade. | CNB5.1.3. Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición. | CMCCT, CCL | Expón exemplos de materiais condutores e illantes. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes. | CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade. | CMCCT, CCL, CSC | Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade. |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de | CNB5.2.2. Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico | CMCCT, CCL, CSC | Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|----------------------|--|---|-----------------------|--|
| | información e presentando os resultados en diferentes soportes. | nas condicións de vida e no traballo. | | |
| CIENCIAS DA NATUREZA | B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes. | CNB5.2.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. | CMCCT, CCL, CSC, CCEC | Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados. | CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. | CAA, CD, CMCCT, CCL | Busca informacións empregando as TIC, organiza os contidos e comunicaos de maneira clara. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|---------------------|--|--|-----------------------|---|
| CIENCIAS SOCIAIS | B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados. | CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | CSIEE, CAA | Organiza o traballo de maneira autónoma e asume responsabilidades. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados. | CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. | CAA, CCL, CMCCT | Realiza e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e | CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo | CSC, CAA | Participa e coopera nos traballos en grupo. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|------------------|---|---|----------------------|---|
| | amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais. | valorando o esforzo e o coidado do material. | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitando un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais. | CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. | CSC, CAA | Compórtase de maneira responsable respectando as opinións dos demais. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. | CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. | CCL, CAA, CMCCT, CSC | Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|---------------------|--|---|-------------------------------|---|
| CIENCIAS SOCIAIS | B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. | CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico. | CCL, CMCCT, CSC, CAA | Expón oralmente de forma clara utilizando vocabulario específico de carácter xeográfico, social e histórico. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. | CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. | CCL, CD, CMCCT, CSC | Utiliza as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.1.Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes. | CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, | CMCCT, CCL | Identifica os compoñentes do Universo. Define galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|---------------------|--|--|-----------------------|---|
| | | planeta, satélite, asteroide e cometa. | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.2.Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. | CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade. | CMCCT, CCL | Identifica os compoñentes do Sistema Solar e as súas características. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súascaracterísticas, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios. | CSB2.3.1. Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. | CMCCT, CCL, CAA | Define o movemento de translación e as súas consecuencias. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súascaracterísticas, movementos, | CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da | CMCCT, CCL, CAA | Define o movemento de rotación e as súas consecuencias. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|---------------------|---|--|---------------|---|
| | consecuencias e calcular os fusos horarios. | rotación terrestre e como unidades para medir o tempo. | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios. | CSB2.3.3. Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares. | CMCCT, CCL | Identifica as fases lunares como consecuencia da translación da Lúa. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.4. Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais. | CSB2.4.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. | CMCCT, CAA | Diferenza entre plano e mapa. Define e interpreta a escala dun mapa. Diferenza os distintos tipos de mapas. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.5. Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e | CSB2.5.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. | CMCCT, CCL | Define clima, os seus elementos e factores que o determinan. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|---------------------|--|--|-----------------------|---|
| | dos factores determinan o clima en España. | | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas. | CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. | CMCCT, CCL | Recoñece as zonas climáticas do planeta e algunha das súas características. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas. | CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence. | CMCCT, CAA, CCL | Identifica zonas de climáticas de España. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.7.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a | CSB2.7.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de | CCL, CSC, CAA | Define paisaxe e identifica as principais paisaxes de España. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|------------------|--|--|----------|---|
| | compoñen e as características das principais paisaxes de España | España valorando a súa diversidade. | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. | CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. | CMCCT | Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa. | CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. | CMCCT | Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible. | CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. | CSC, CCL | Explica a importancia da intervención humana no medio. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible. | CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. | CSC, CAA | Nomea accións que favorezan o desenvolvemento sostible. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|---------------------|---|---|-------------|--|
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.1.Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta. | CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. | CSC, CCL | Explica a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.2. Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización. | CSB3.2.1. Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. | CSC, CCL | Identifica as principais institucións do Estado español. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.2. Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización. | CSB3.2.2. Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas | CCL, CSC | Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|---------------------|--|--|-------------|--|
| | | na Constitución para cada un deles. | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.3.Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno. | CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias. | CCL, CSC | Coñece a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.4.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas. | CSB3.4.1.Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. | CSC, CCL | Valora a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|---------------------|---|---|-----------------------|---|
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.5.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación. | CSB3.5.1.Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. | CMCCT, CCL, CSC | Define demografía e poboación e os principais factores que lle afectan. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.5.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación. | CSB3 5.2.Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación. | CMCCT, CAA | Interpreta unha pirámide de poboación. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.6.Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente. | CSB3.6.1.Describe os principais trazos da poboación española. | CCL, CSC | Describe os principais trazos da poboación española. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.6.Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución | CSB3.6.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a | CCL, CSC | Explica o proceso da evolución da poboación en España. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|------------------|---|---|----------|---|
| | demográfica e representándoa graficamente. | incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade. | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.6.Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente. | CSB3.6.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española. | CCL, CSC | Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.6.Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente. | CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas. | CSC | Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.7.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os | CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país. CSB3.7.2.Identifica e describe os principais | CCL, CSC | Explica o éxodo rural e a emigración a Europa. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|------------------|---|--|-----------------|--|
| | problemas actuais da poboación española. | problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc. | | |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.8.Explicar as diferenzas entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos. | CSB3.8.1. Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen. | CCL, CSC | Identifica e define materias primas e produto elaborado e as actividades nas que se obteñen. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.8.Explicar as diferenzas entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos. | CSB3 8.2 Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen. | CCL, CSC, CMCCT | Non. |
| CIENCIAS SOCIAIS | B3.9. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais | CSB3.9.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica | CMTC, CSC | Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen. |

| ÁREA | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | C_Clave | Mínimo esixible |
|------------------|--|---|-----------------------|--|
| | actividades económicas de España e Europa. | distintas actividades no grupo ao que pertencen. | | |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.12.1. Expresa as notas características da convivencia democrática. | Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.12.2. Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática. | Produción oral Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.13.1. Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio. | Produción oral e escrita Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.13.2. Investiga criticamente a intervención humana no medio ambiente e comunica os resultados. | Produción oral e escrita Observación sistemática |

| ÁREA | | EA | Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso) |
|--------------------|---------|---|--|
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.13.3. Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente. | Producción oral e escrita Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.14.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. | Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.14.2. Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías. | Observación sistemática. |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.15.1. Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria. | Producción oral e escrita Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.15.2. Analiza información na prensa en relación cos accidentes de tráfico. | Producción oral e escrita Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.15.3. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías. | Observación sistemática |

| ÁREA | | EA | Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso) |
|--------------------|---------|---|--|
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.15.4. Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. | Producción oral e escrita Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.16.1. Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación. | Producción oral e escrita Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.16.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións. | Producción oral e escrita Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.16.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico. | Producción oral e escrita Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.2.1. Aмосa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. | Observación sistemática Rúbrica |

| ÁREA | | EA | Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso) |
|--------------------|---------|--|--|
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.2.2. Recorre ás estratexias de axuda entre iguais. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.3.1. Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.3.2. Participa na elaboración das normas da aula. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.3.3. Respecta as normas do centro escolar. | Rúbrica Observación sistemática. |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo. | Rúbrica Observación sistemática |

| ÁREA | | EA | Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso) |
|--------------------|---------|---|--|
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.4.2. Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.4.3. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.4.4. Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.5.1. Razona o sentido da responsabilidade social e da xustiza social. | Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.5.2. Identifica e analiza criticamente desigualdades sociais. | Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.5.3. Describe condutas solidarias. | . Producións orais e escritas |

| ÁREA | | EA | Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso) |
|--------------------|---------|--|--|
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.6.1. Amósase xeneroso no seu contorno próximo. | Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.6.2. É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos. | Producións orais |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.6.3. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa | Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.7.1. Coñece e respecta os dereitos e deberes do alumnado. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.7.2. Realiza xuízos morais, de xeito guiado, de situacións escolares. | Rúbrica Observación sistemática |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.7.3 Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a | Rúbrica Observación sistemática |

| ÁREA | | EA | Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso) |
|--------------------|---------|---|--|
| | | seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas. | |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.8.1. Argumenta o carácter universal dos dereitos humanos. | Producións orais e escritas |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.8.2. Expón a importancia de que todas as persoas gocen dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica. | Producións orais e escritas |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.8.3. Axuíza criticamente as circunstancias de persoas que viven en situacións de privación dos dereitos básicos. | Observación sistemática Producción oral |
| VALORES CIVICOS | SOCIAIS | E VSCB3.9.1. Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. | Producións orais e escritas |

| ÁREA | EA | Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, se é o caso) |
|---------------------------|--|--|
| VALORES SOCIAIS E CIVICOS | VSCB3.9.2. Descubre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación. | Observación sistemática |

06. METODOLOXÍA.

Principios metodolóxicos.

Os principios nos que baseamos a proposta son os seguintes:

Desde a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- En cada momento hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, máis que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, que poden ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais...), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese...): globalidade e significatividade.

Desde a perspectiva psicolóxica:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado:
- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas:
- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.
- Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando

en novas dimensións, transferindo ese coñecemento a outras situacións, descubrindo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.

- Favorecer a aprendizaxe autónoma:
- Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), porque (explicación) e para que (intervención).
- Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnado desde o saber cotián ata o saber científico.
- Potenciar a actividade:
- Facilitando a reflexión á hora da acción.
- Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sós, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

Desde a perspectiva pedagóxica

- Partir da avaliación inicial, específica e global:
- Das súas aptitudes e actitudes.
- Das súas necesidades e intereses.
- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.
- Motivar axeitadamente:
- Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.

- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
- Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.
- Analizar os esquemas previos de coñecemento:
- Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.
- Reforzando os conceptos previos máis débiles e sensibles.
- Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos:
- Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).
- Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria. Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.
- Estructurando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).
- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.
- Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

Específicamente, estes principios deben facilitar:

- A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial do alumnado atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
- A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.

- Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
- Progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversalidade do currículo.
- A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.
- A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
- A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.
- A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.
- A creatividade como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
- Tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, culminando a consolidación de valores e respecto das normas.
- Contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

Agrupamento do alumnado.

O agrupamento é unha esixencia da diversidade e un indicador da autonomía do centro, e ten como finalidade garantir que todos os alumnos aprendan e consigan os obxectivos educativos marcados. A diversidade de agrupamentos proporciona unha mellor explotación das actividades escolares e constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos alumnos.

Os criterios de distribución do alumnado por aulas son moi diversos e deben ter en conta aspectos como o punto de partida do/a alumno/a ao chegaren ao inicio do ciclo e de cada curso, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade.

Estes son os criterios máis empregados na agrupación:

- Idade cronolóxica.
- Equilibrio nenos/nenas.
- Rendemento académico e ritmo de aprendizaxe.
- Intereses.
- Motivación.
- Natureza área/materia.

O agrupamento non ten porque limitarse a un único modelo, xa que supón limitar o potencial enriquecedor do proceso educativo. Establecer diferentes agrupamentos facilita a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos e a relación co contorno e cos servizos da comunidade. Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos máis empregados son:

- Aula
- Gran grupo
- Pequeno grupo ou parella
- Obradoiros
- Equipos de traballo cooperativo
- Grupos de actividade

Organización dos espazos.

Desde unha perspectiva de etapa, o contido das decisións relativas á organización do espazo pode referirse a:

• **Espazos propios do grupo** (aula): cada titor/a organizará o espazo na súa aula como crea conveniente para o desenvolvemento da actividade lectiva tendo en conta variables como idade e agrupamento de alumnado, mobiliario, iluminación, temperatura, materiais existentes na aula... Se nunha aula imparten actividades lectivas outros/as mestres/as ademais do/a titor/a, estes tentarán de axudar aos especialistas na disposición de material común: tal como o ordenador ou canón retroproectores. E os mestres especialistas á súa vez tentarán deixar a distribución das cadeiras e mesas tal e como as tiña o/a mestra titor/a.

• **Espazos compartidos polo alumnado**: o alumnado de Primaria comparte espazos co alumnado de outras etapas educativas dentro do centro e, asemade, utilizan habitualmente outros espazos, tanto interiores do centro educativo como exteriores. Algúns destes espazos son os seguintes:

- Biblioteca.
- Laboratorio
- Sala de informática.
- Aula de música.
- Pavillón.
- Ximnasio.

Organización dos tempos.

As previsións de traballo na aula e no centro escolar deben axustarse realmente ao tempo dispoñible. Por iso, é preciso realizar unha temporalización que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas e dun horario de actividade docente, no que se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro.

07. Procedementos de avaliación.

A Orde de 9 de xuño de 2017 que establece a avaliación da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia dinos que esta debe ser global, continua, formativa e integradora.

Deste xeito, a avaliación é un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

En calquera caso, sempre é bo ter presente que debe ser a avaliación e cales son os seus principios e as súas modalidades máis convenientes.

Principios da avaliación.

O proceso de avaliación rexerese segundo os seguintes principios:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Hai que partir do que se quere avaliar e despois avalialo.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Reflectir de maneira clara: que, como e cando debe realizarse.

- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global (feedback).

Modalidades de avaliación.

Dentro do proceso de avaliación poden distinguirse as seguintes modalidades:

Avaliación inicial do alumnado.

Ademais da información recibida obtida no expediente escolar, o novo profesor titor aplicaralle ao alumnado unha proba inicial coa que se determinará o punto de partida dende o que este inicia as novas aprendizaxes, e o equipo docente tomará as decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e á súa adecuación ás súas características e o seu nivel de coñecementos.

Do mesmo xeito, estes datos servirán de base para adoptar as medidas necesarias de atención á diversidade recollidas no plan correspondente a aqueles alumnos e alumnas que o precisen co fin de facilitarlles a continuación do seu proceso de aprendizaxe e o acceso ao currículo.

Avaliación continua

A avaliación continua será realizada polo equipo docente de cada un dos cursos do ciclo de xeito colexiado e será coordinada polo seu profesor titor.

Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.

As sesións de avaliación que se realizarán ao longo de cada curso escolar serán tres: unha no mes de decembro, outra no mes de marzo, e a última no mes de xuño.

En cada sesión de avaliación que celebren os equipos docentes, da que o titor levantará unha acta, intercambiarase información e adoptaranse os acordos e decisións que se considere sobre o proceso de aprendizaxe do alumnado orientadas á súa mellora, e realizarase igualmente unha valoración dos

resultados derivados destes acordos. Igualmente acordarase a información que, sobre o proceso persoal de aprendizaxe seguida, se transmitirá a cada alumno ou alumna e ao seu pai, a súa nai ou os seus titores legais.

Avaliación final

Ao termo de cada curso, valorarase o progreso global de cada alumno e alumna, no marco do proceso de avaliación continua levado a cabo. E, ao finalizar o ciclo, o equipo docente, tendo en conta os mínimos esixibles que figuran nos correspondentes currículos de cada ciclo, e informados o pai, a nai ou os titores legais, tomará a decisión sobre a promoción ou non do alumno/a ao seguinte ciclo ou etapa. Para a adopción da decisión tomarase especialmente en consideración a información e o criterio do profesor ou a profesora titor.

O profesor titor do alumnado citará individualmente os representantes legais aos que informará por escrito sobre os resultados do proceso de avaliación e sobre a decisión sobre a promoción ao ciclo seguinte. Esta información referirase aos obxectivos establecidos no currículo para as distintas áreas e aos progresos e dificultades detectados no grao de adquisición das competencias clave e na consecución dos obxectivos de cada unha das áreas.

No caso de ter que avaliar un alumno con necesidade específica de apoio educativo, o titor/a, co asesoramento do equipo de orientación educativa e do profesorado de apoio á integración, aplicará os criterios de avaliación que fose establecido nas adaptacións curriculares, as cales serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno ou alumna disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias claves adquiridas. O devandito informe será elaborado polo equipo docente, de acordo co establecido, a tales efectos, pola consellería competente en materia de educación.

08. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

| ÁREAS | | % | INSTRUMENTOS |
|-------------------|---|-----|---|
| MATEMÁTICAS | Probas obxectivas | 60% | Controis orais Controis escritos |
| | Traballo diario | 20% | Observación sistemática Caderno Fichas Intervencións na aula Etc. |
| | Actitude | 20% | Rúbrica |
| LINGUA CASTELÁ | Probas obxectivas | 30% | Controis orais Controis escritos |
| | Destrezas lingüísticas | 40% | Controis orais Controis escritos |
| LINGUA GALEGA | Traballo diario | 20% | Observación sistemática Caderno Fichas Intervencións na aula Etc. |
| | Actitude | 10% | Rúbrica |
| CIENCIAS NATURAIS | Probas obxectivas | 50% | Controis orais Controis escritos |
| CIENCIAS SOCIAIS | Traballos prácticos e/ou de investigación | 20% | Traballos grupais Traballos individuais |
| | Traballo diario | 20% | Observación sistemática |

| | | | |
|---|------------------------|------------|---|
| | | | Caderno Fichas Intervencións na aula Etc. |
| | Actitude | 10% | Rúbrica |
| EDUCACIÓN ARTÍSTICA - PLÁSTICA | Traballo diario | 80% | Observación sistemática Láminas Traballos |
| | Actitude | 20% | Rúbrica |
| VALORES SOCIAIS E CÍVICOS | Traballo diario | 80% | Observación sistemática Traballos grupais Traballos individuais |
| | Actitude | 20% | Rúbrica |

Non se recollerán nin cualificarán as tarefas entregadas fóra de prazo.

**** No caso de non poder realizar unha proba obxectiva na data fixada o alumno/a realizaraa o día que se incorpore.***

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.

- Sobresaliente: 9 ou 10.

9. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

Ao inicio do curso académico faise necesario realizar unha avaliación inicial que sirva como referente á hora de adaptar a resposta educativa ás necesidades do grupo e á diversidade e características individuais de cada alumno/a.

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso académico, nas que o profesorado dedicaremos a recoller información sobre:

- As características do alumno/a (intereses)
- O seu entorno socio-familiar (indagando no expediente académico ou se fose necesario realizando entrevistas persoais cos pais/nais ou titores legais)
- O contexto educativo (dinámica de aula-relacións entre compañeiros)
- A competencia curricular nas diferentes áreas, utilizando os instrumentos que cada mestra/e estime pertinentes.

Área de matemáticas.

| NOME DA ALUMNA/O: | | | |
|--|----|----|-----------------|
| INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE MATEMÁTICAS | DE | SI | CON DIFICULTADE |

| | | |
|---|--|--|
| Conta, le, escribe e compara números ata o millón, coñecendo o seu valor. | | |
| Realiza operacións de suma, resta, multiplicación e división de unha e dúas cifras. | | |
| Resolve problemas sinxelos que conteñan unha ou dúas operacións, relacionándoos coa vida cotiá. | | |
| Nomea e coñece as figuras planas: cadrado, triángulo, rectángulo e círculo. | | |
| Coñece o valor posicional de cada dígito (U,D,C,UM,DM,CM,UM M). | | |

Área de lingua castelá e literatura.

| | | |
|--|-----------|------------------------|
| NOME DO/A ALUMNO/A: | | |
| INDICADORES DA AVALIACIÓN INICIAL DA ÁREA DE LINGUA | SI | CON DIFICULTADE |

| CASTELÁ E LITERATURA | | |
|--|--|--|
| Le e comprende textos orais e escritos sinxelos con vocabulario axeitado á súa idade, coa entoación e ritmo adecuados. | | |
| Expresa de forma oral experiencias, sentimentos, vivencias e responde preguntas de forma coherente. | | |
| Capta o sentido global de textos orais de uso habitual, identificando a información máis importante. | | |
| Redacta textos breves con grafías axeitadas e puntuando adecuadamente. | | |

Área de lingua galega e literatura.

| NOME DO/A ALUMNO/A: | | |
|--|----------------------|------------------------|
| INDICADORES DA AVALIACIÓN DA ÁREA DE LINGUA | DA INICIAL SI | CON DIFICULTADE |

| | | | |
|--|----------|--|--|
| GALEGA | E | | |
| LITERATURA | | | |
| Le textos breves con entoación e ritmo adecuados. | | | |
| Expresa opinións e sentimentos de forma coherente na súa forma oral e escrita. | | | |
| Comprende e redacta textos sinxelos con grafías axeitadas e puntuando adecuadamente. | | | |
| Diferencia nunha oración o suxeito e o predicado. | | | |
| Coñece o abecedario. | | | |

Área de Ciencias Naturais.

| NOME DO/A ALUMNO/A: | | |
|---|-----------|------------------------|
| INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL NA ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS | SI | CON DIFICULTADE |
| Nomea os sentidos. | | |
| Nomea algunhas partes do corpo humano (órganos, ósos). | | |
| Distingue hábitos saudables dos non saudables na alimentación. | | |
| Diferenza entre seres vivos e seres inertes. | | |
| Identifica algunhas características dos grupos dos seres vivos. | | |
| Identifica diferentes partes dunha planta. | | |

| | | |
|--|--|--|
| Clasifica animais segundo tipos de reprodución e alimentación. | | |
|--|--|--|

Área de Ciencias Sociais.

| NOME DO/A ALUMNO/A: | | |
|---|----|-----------------|
| INDICADORES DE AVALIACIÓN INICIAL NA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS | SI | CON DIFICULTADE |
| Valora o seu contorno facendo un uso respectuoso dos seus recursos naturais (reciclaxe, uso da auga...) | | |
| Recoñece datos do lugar onde vive. | | |
| Recoñece algunhas normas de educación viaria. | | |
| Coñecer e identificar no mapa as Comunidades Autónomas de España. | | |
| Coñecer os elementos básicos do relevo de Galicia. | | |
| Coñecer as distintas épocas da historia e os feitos que as delimitan. | | |

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

VALORACIÓN INICIAL E VÍAS DE ACTUACIÓN

Co obxecto de nos axustar o máximo posible á realidade dos nosos alumnos, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

❖ **Que valorar:**

Rendemento do alumno no ciclo anterior.

Personalidade.

Afeccións e intereses.

Situación económica e cultural da familia.

❖ **Como obter a información:**

Informes de titores anteriores.

Cuestionario previo aos alumnos.

Entrevista individual.

Cuestionario aos pais.

Entrevista cos pais.

Deste xeito, o centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos.

Consideramos **adaptacións curriculares** cantos cambios se produzan no currículo co fin de atender as diferenzas individuais dos nosos alumnos. O equipo ou o profesor, ao establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estratexia que hai que seguir coma as características do alumno ou da alumna que podan axudar ou entorpecer a estratexia: en que agrupamentos traballa mellor, que tempo permanece concentrado, a que reforzos é receptivo, que autoconcepto ten etc.

Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de resposta en función das situacións de distinta natureza que imos encontrar:

❖ **Adaptacións curriculares non-significativas.**

❖ **Adaptacións curriculares significativas.**

ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS

Aconséllase o seu uso cando as dificultades de aprendizaxe non son moi importantes. As características fundamentais deste tipo de medidas son as seguintes:

- Non precisan dunha organización moi diferente da habitual.
- Non lles afectan aos compoñentes prescritivos do currículo.

Aínda que en cada unha das áreas se aplicarán de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferenzas individuais dos alumnos, quixemos establecer unha serie de pautas ou directrices xerais que actúen como marco de referencia para o conxunto do profesorado e que sirvan para unificar as actuacións de cada profesor.

❖ **Programación de contidos e actividades.**

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades. Esta diferenciación de niveis responderá tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe coma aos diverxentes intereses e motivacións dos alumnos.

- **Contidos.**

Dentro do conxunto de contidos que lle asignaremos para a súa aprendizaxe por parte dos alumnos a cada área e curso, estableceremos unha diferenciación entre información básica e información complementaria. É dicir, en primeiro lugar fixaremos un corpo de contidos esenciais que deben ser aprendidos por todos para alcanzar os obxectivos previstos. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados ou non en función das peculiaridades e das necesidades de cada alumno.

- **Actividades.**

As actividades organizaranse por categorías en función da súa distinta finalidade. Por un lado, contemplaremos actividades de reforzo, de consolidación daquelas aprendizaxes que consideramos básicas; para iso, o nivel de dificultade das tarefas propostas estará en consonancia coa asequibilidade media que caracteriza a información esencial. Por outro lado, deseñaremos outro

tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

❖ **Metodoloxías diversas.**

O mellor método de ensinanza para alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes e á inversa. É dicir, os métodos non son mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

❖ **Material didáctico complementario.**

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue catro obxectivos:

- Consolidar contidos nos que a súa adquisición por parte dos alumnos supón unha maior dificultade.
- Ampliar e afondar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área.
- Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada área.
- Enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos mostran curiosidade e interese.

❖ **Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.**

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite o seguinte:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.
- Propoñer actividades de reforzo ou ampliación segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Este tipo de adaptacións require unha reflexión sobre dous aspectos:

- As aprendizaxes básicas e imprescindibles para seguir progresando.
- A incorporación dunha avaliación que detecte as necesidades de cada grupo.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Consisten basicamente na adecuación dos obxectivos educativos, na eliminación ou na inclusión de determinados contidos esenciais e na conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

• **Destinatarios.**

Estas adaptacións lévanse a cabo para lles ofrecer un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais.

Dentro deste colectivo de alumnos, contéplanse tanto aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, como os que posúen un historial escolar e social que produciu “lagoas” que impiden a adquisición de novos contidos e, á vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

• **Finalidade.**

Tenderán a que os alumnos alcancen as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último deberá ser proporcionarlle a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando que esa resposta se aparte o menos posible das que son comúns para todos os alumnos.

- **Avaliación e diagnóstico previo.**

O maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e do diagnóstico previo de cada alumno, que debe realizar o Departamento de Orientación.

Este ano en terceiro ciclo non curso ningún alumno/a que necesite este tipo de intervención.

CONDICIÓN PARA UNHA ATENCIÓN EFECTIVA

A integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e a concreción das adaptacións curriculares serán posibles mercé ás seguintes medidas articuladas no centro:

a) A cualificación do profesorado e a importancia da acción tutorial.

O profesorado do centro posúe a predisposición, a sensibilidade e a formación necesarias para asumir a tarefa de colaborar co Departamento de Orientación e seguir as súas directrices.

b) A metodoloxía.

O centro parte da constatación de que os alumnos con dificultades de aprendizaxe aprenden, basicamente, da mesma forma ca o resto. É dicir, os axustes metodolóxicos van responder a uns principios e unhas consideracións sobre a aprendizaxe que son comúns a todos os alumnos.

Non obstante, convén poñer a énfase na planificación máis rigorosa e minuciosa, na flexibilidade, na metodoloxía activa e na globalización. Dentro deste contexto metodolóxico fíxanse unha serie de medidas especialmente beneficiosas:

- O traballo nun pequeno grupo.
- As visitas e as saídas ao contorno.
- O uso do ordenador e de diversidade de materiais e recursos.

c) Espazos.

Para favorecer o proceso de integración-normalización e para crear as condicións óptimas para o fomento de interaccións ricas e fluídas, prevense as seguintes medidas:

- Salas para as actividades de apoio específico.
- Posibilidade de modificar a aula e de crear máis dun espazo.
- Disposición adecuada do mobiliario e coidado das condicións ambientais (acústica, visibilidade...).
- Supresión de barreiras arquitectónicas.

d) Tempos.

A xestión do tempo guiarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, saídas etc.) e outras máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos.

11. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

INCORPORACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES DEMOCRÁTICOS COMO CONTIDO DE CARÁCTER TRANSVERSAL

A educación en valores democráticos constitúen unha serie de contidos que deberán

integrarse e desenvolverse en todas as áreas do currículo:

- Educación para a tolerancia, para a paz.
- Educación para a convivencia.
- Educación intercultural.
- Educación para a igualdade entre homes y mulleres.
- Educación ambiental.
- Educación para a promoción de saúde.
- Educación sexual.
- Educación do Consumidor.
- Educación viaria.

Educación do Consumidor

Trátase de estudar o tema do consumo en todas as súas vertentes cunha metodoloxía creativa e práctica, establecida en torno á experiencia persoal, que mostre os factores relacionados e implicados na actividade diaria, e de establecer comportamentos críticos e responsables en materia de consumo. Comprende distintos temas:

A publicidade: recoñecemento desta e análise, crítica e elaboración de anuncios en clase. Traballárase fundamentalmente no terceiro ciclo.

A alimentación: coñecer os procesos de produción e comercialización do produto, identificar as etiquetas e realizar unha compra equilibrada.

A vivenda: crear condutas que contemplan o uso correcto dos enseres e espazos da vivenda, o emprego de produtos domésticos que poidan resultar perigosos, e analizar o proceso de compra ou aluguer.

Xogos, xoguetes e material escolar.

Ecoloxía e consumo: coñecer a incidencia do consumo no medio ambiente, as técnicas de reciclaxe e favorecer hábitos de aforro.

O diñeiro, os bancos e a compra: relacionar tipos de moedas, aforro, análise do proceso de compra, manexar pequenos orzamentos...

Os servizos públicos. Coñecer os servizos públicos

Saúde e seguridade. Medidas de precaución para evitar accidentes e minimizar os riscos. Uso correcto do material e do propio corpo. Hábitos de hixiene, de alimentación.

Lecer e tempo libre: valorar formas de tempo libre como a lectura e o xogo, dosificar o uso da televisión,...

Educación Ambiental

A través do coñecemento activo do contorno e de forma gradual implícase aos alumnos e alumnas na conservación e respecto do medio, formando unha mentalidade crítica e participativa, responsabilizando ao alumno dentro das súas posibilidades na preservación dos recursos. Pretendemos conseguir a creación de hábitos e actitudes con respecto á actuación individual no contorno.

Educación Moral e Cívica

Discusión de dilemas morais: baséase na discusión de breves historias que entrañen un conflito de valores, co cal o alumno crea argumentos e dúbidas ao redor dos valores propios, para restablecer o equilibrio de valores nun nivel de xuízo moral superior.

Clarificación de valores: trátase de suscitar ao alumno unha revisión dos seus conceptos, crenzas e valores para conseguir que reflexione achega dos mesmos. Acódese para iso a unha lista de frases inacabadas ou a un conxunto de preguntas pechadas que obriguen ao alumno a expresar o seu punto de vista.

Educación para a Paz

A metodoloxía adecuada debe coidar especialmente a coherencia entre os contidos e os modos de educación na aula, potenciando a tolerancia, o intercambio de puntos de vista, a participación. Con este fin facilitarase a idea de paz positiva. Empregaremos diversas técnicas de cooperación e de participación, e recorreremos ás seguintes actividades:

Estudo de casos.

Técnicas de clarificación de valores.

Análise de conflitos.

Xogos de rol.

Xogos de simulación.

Educación para a Saúde

Este tema reflíctese nunha referencia continua a prácticas que se consideran saudables, complementando toda actividade de aprendizaxe con hábitos que conlevan a comprensión e coidado da saúde, tanto no que se refire á asimilación dos conceptos, como na posta en práctica de actitudes e na realización de determinados procedementos en cada momento da vida da comunidade escolar.

Os núcleos de elaboración destes contidos son principalmente:

- Seguridade, prevención de accidentes e primeiros auxilios.
- Educación viaria
- Coidados persoais: hixiene e saúde.
- Alimentación saudable.
- Uso de medicamentos e prevención de drogodependencias.
- Prevención e control de enfermidades.
- Relacións humanas. Saúde mental. Afectividade e sexualidade.
- Os servizos sanitarios e a petición de axuda.
- Medio ambiente e saúde.

Educación para a Igualdade de Ambos Sexos

Este tema transversal é unha constante no desenvolvemento de todas as áreas e traballarase nos tres ciclos, fomentando a igualdade de oportunidades.

Na *área de Relixión e moral católica*, a educación para a paz podemos aplicala en moitos dos contidos. Será importante valorar o respecto cara os compañeiros sobre todo nas actividades que se realicen en grupo; non permitir actitudes racistas ni sexistas na aula; ter presente o coidado e o respecto pola natureza... Sen esquecer, da importancia de la hixiene persoal. Tamén faremos fincapé na educación do consumidor, de modo que na celebración dalgunhas festas, no dean tanta importancia os regalos senón os valores da festa en sí.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais que tentan conseguir sociedades máis modernas, xustas, democráticas e igualitarias. É por iso, que debemos formar os nosos alumnos/as dun xeito comprensivo, harmónico e integral para que sexan capaces de desenvolver a súa vida respectándose a si mesmos, ós demais e responsabilizándose dos seus actos.

Se partimos da idea de que CONVIVENCIA é compartir vivencias xuntos, isto lévanos dende a familia primeiro ata os centros educativos, para acabar na sociedade en xeral.

Nesta tarefa está implicada toda a comunidade educativa: pais, mestres, alumnado, persoal non docente... cun único obxectivo final: mellorar a convivencia no noso centro e na nosa comunidade educativa.

Para acadar unha mellora da convivencia teremos en conta os seguintes obxectivos:

Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos/as tanto dende o punto de vista persoal, como no relativo ás estratexias de aprendizaxe, e á motivación, ós intereses, ás relacións persoais... co único fin de producir as respostas educativas adecuadas.

Desenvolver accións que favorezan a adaptación do novo alumnado, profesorado e a súa interacción cos demais.

Favorecer a formación integral do alumnado tendo en conta os principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz cara a participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.

Promover a participación e implicación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas no que demanden e precisen, facéndolle ver a importancia da estimulación dos seus fillos/as, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo o relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación dunha sociedade para a convivencia democrática.

Para levar a cabo todo isto desenvolveremos as seguintes actuacións:

- Levaremos a cabo as accións prevista no plan de acollida nas transicións de etapa, na incorporación de nenos/as ó grupo.

Revisarase o expediente persoal de cada alumno/a para un previo coñecemento da súa realidade.

- Estableceremos un horario semanal de atención ás familias.

- Atenderanse e orientaranse as diferentes inquietudes do alumnado.

- Informarase ao alumnado e ás familias, ao comezo do curso sobre a vida do centro e as normas que figuran no RRI e na PXA: normas de funcionamento, horarios, coidado das instalacións, normas de convivencia, horarios de titorías, actividades complementarias e extraescolares....etc

- Asesorarase ás familias en canto o seu papel no proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos/as.

- Planificarase reunións xerais coas familias.
- Estableceranse liñas de coordinación cos demais niveis de Primaria.
- Desenvolveremos, xunto co Departamento de Orientación un programa de detección precoz das posibles dificultades de convivencia e relación que poidan xurdir a nivel académico coma persoal dos seus fillos/as no centro, e sempre que sexa necesario e así o requiran, tanto as familias coma o profesorado.

A educación en valores é aquela que se ten que tratar en tódalas áreas indistintamente, por ter una grande importancia de cara a unha futura inserción na sociedade, xa que trasmiten unha serie de valores e actitudes que axudarán á integración do alumno-a na nosa esfera social. Atendendo o actual currículo de Educación Física son os seguintes:

Educación moral e cívica: buscarase que o alumnado respete unha serie de normas e regras para levar a cabo o desenvolvemento das actividades de xeito adecuado, ademáis de ensinar os nenos/as a convivir de maneira respetuosa e coherente.

Educación para a paz: a educación física será unha área privilexiada para que o alumno adquira unhas actitudes de respecto, colaboración, solidariedade, participación, etc.

Educación para a igualdade entre sexos:intentaranse evitar as discriminacións existentes por razón de xénero en algunhas actividades físicas nas que primen a habilidade do participante, a súa condición física... ou tamén nunha manifestación artística, erradicando así os roles sexuais e sociais establecidos na nosa cultura.

Educación ambiental: buscarase desenvolver unha reflexión crítica do alumnado con respecto ao medio ambiente, en relación ao seu coidado e conservación.

Educación vial: ensinar ao alumnado a desprazarse de forma autónoma e segura, por medio de simulacións e actividades de diferentes tipos.

Educación para o lecer: os alumnos/as aprenderán a utilizar o seu tempo libre mediante o coñecemento e práctica de xogos e actividades deportivas.

Educación do consumidor: intentarase conseguir que o alumnado adquira unha actitude crítica e responsable fronte ao consumismo existente que provoca á sociedade ó realizar gastos inútiles en moitas ocasións en artigos innecesarios (como material deportivo).

Educación para a saúde e calidade de vida: a educación física é un medio adecuado para que o alumno comprenda os efectos da actividade física no seu corpo e saúde.

O plan de convivencia ten como principio promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia, co que pretendemos desenvolver adecuadamente as relacións entre todos os componentes da nosa comunidade educativa. Por iso utilizaremos o plan de acción tutorial, reunión periódicas cos titores, equipo directivo, departamento de orientación, familias, delegados, etc, segundo proceda, entre outras acción para a súa divulgación e interiorización.

Por parte do alumnado existen de forma ocasional, comportamentos que poden alterar o desenvolvemento cotidiano das clases, non traballar, non prestar atención, non facer caso ás indicacións do mestre, non traer material deportivo, algunha disputa principalmente verbal entre compañeiros, etc., tendo todas elas unha solución pacífica.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.

Un dos obxectivos da Educación Primaria é Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

Ao longo do curso utilizaranse as Tic dun xeito integrador en tódalas áreas de coñecemento e atendendo a consecución das competencias clave do tratamento da información e a competencia dixital que se sinalan en cada unha delas.

Os obxectivos para introducir as tecnoloxías da información e da comunicación serán os seguintes:

- Habilidades para buscar , obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento.
- Coñecer os distintos tipos de transmisión da información e dos posibles soportes.
- Utilizar diversas estratexias para acceder á información adecuada, á fonte a cal se acude e ao soporte que se utilice (audiovisual, dixital, multimedia, oral,...)
- Dominar a linguaxe específica básica (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) das TIC.
- Saber rexistrar, organizar, analizar a información sabendo diferenciar a que ten rigor e a que non.
- Coñecer mecanismos de seguridade na rede e potenciar un uso responsable dos recursos que se poñen ao noso alcance.
- Utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como un instrumento de traballo intelectual, coñecendo o uso do procesador de textos ou como método de presentación de traballos.
- Desenvolver a capacidade para interpretar as noticias que achegan os medios de comunicación e opinar sobre elas.
- Analizar e coñecer as características da publicidade. Saber utilizar o correo electrónico para comunicarse. Saber buscar en internet de forma guiada.

Para conseguir estes obxectivos utilizaranse recursos diversos, como poden ser programas informáticos e software libre, internet, ordenador de aula, pizarra dixital, cds, recursos audiovisuais e multimedia,...

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Obxectivos xerais

- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.
- Fomentar a lectura e desenvolver a competencia lectora e literaria.
- Educar no uso práctico e crítico da información.
- Fomentar o hábito lector.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.

Obxectivos concretos

- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal e como a base de toda aprendizaxe.
- Abordar a lectura de todo tipo de textos en calquera soporte: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas, cd-rom, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes,...
- Ensinar ao alumnado técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
- Incorporar a lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo mínimo de ½ hora ao día.
- Acadar unha lectura segura, fiable e fluída con todo tipo de textos.
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.
- Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo.
- Converter a biblioteca escolar nun espazo referente da vida diaria do centro.
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.

- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar e de aula.
- Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar e de aula, e por extensión, doutras bibliotecas.
- Diseñar actividades de alfabetización informacional e educación documental.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

Actividades previstas

1. Lecturas colectivas

- Farase unha lectura compartida, en alto e por fragmentos.
- Despois realizarase a lectura silenciosa e individual de ditos fragmentos.
- Buscarase no dicionario as palabras descoñecidas.
- Preguntarase ao alumnado sobre o contido do fragmento lido.
- Proporase a realización dun traballo de carácter voluntario e tema e formato libre en relación co libro.

2. Lecturas individuais

O alumnado fará uso dos fondos da biblioteca escolar e de aula para levar a cabo lecturas individuais.

Por outra banda, co obxectivo de fomentar a lectura e con carácter voluntario, os/as alumnos/as poderán realizar as seguintes actividades:

3. Uso das TIC

Buscarase información en internet relacionada con determinados contidos de diversos textos.

4. Fichas bibliográficas

Realizaranse fichas bibliográficas de diversos libros.

5. Xornais

Buscarase información en diversos xornais co fin de comprender a súa composición e o seu funcionamento.

O grupo 5º A participará no programa Prensa – Escuela de La Voz de Galicia, e adicará o proxecto lector dos mércores ao traballo co xornal.

6. Dramatizacións

Realizaranse dramatizacións de distintos textos e fragmentos de obras teatrais.

7. Poesía

Traballaranse diversos textos de poesía.

Temporalización das actividades

O tempo dedicado a actividades de lectura específicas en educación primaria é, como mínimo, 25 minutos diarios despois do recreo, na aula, e unha hora semanal para acudir á biblioteca xeral do centro.

Tempo mínimo diario para a lectura

Cada día dedicaranse 20 minutos (de 12,25 a 12,45) a desenvolver as actividades contempladas no PLC, tanto en galego como en castelán e unha hora semanal para acudir á biblioteca xeral do centro.

Ademais empregaremos un mínimo de 30 minutos diarios na lectura que faremos durante as sesións correspondentes ás diferentes materias.

A isto haberá que engadir o tempo que cada alumno inviste na súa casa para realizar as lecturas persoais escollidas por el e polo profesor.

Prácticas de comprensión, fomento da lectura e da escritura.

De comprensión:

- Despois da realización da lectura colectiva, realízanse actividades enfocadas a aprender a comprender; os alumnos responderán e farán os comentarios pertinentes respectando sempre a quenda de palabra.
- Identificación do tema e das ideas principais.
- Análise dos feitos ocorridos, dos personaxes, interpretación e comentarios persoais.
- A lectura individual aprenderase a facela en silencio e recorrendo ao dicionario para buscar as palabras significativas que descoñecen

De fomento da lectura:

- Realización de lectura colectiva como instrumento para perfeccionarse e así adquirir seguridade.
- Práctica de lectura individual. Cando a impresión causada por unha lectura sexa positiva, o alumno expoñerá ante os seus compañeiros as súas opinións sobre o libro en cuestión e desta maneira animar ós outros a realizala.
- Ademais trataremos de potenciar o gusto e goce da lingua escollendo libros que lle resulten atractivos para que lean na casa a diario, no fin de semana e nas vacacións.

De fomento da escritura:

- Na escritura traballárase a caligrafía e as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta.
- A través da realización de escritos, os alumnos poderán observar os seus progresos e apreciar a importancia do seu esforzo.
- Expresar por escrito as súas vivencias.
- Facer resumos das lecturas que lemos na clase.
- Cambiar partes das historias por outras posibles.
- Elaborar diarios de lecturas, onde cada alumno vai recollendo as impresións que lle suxiren as lecturas dos libros que se len ó longo do curso na escola e na casa.
- Inventar historias, poemas, noticias,...
- Facer redaccións sobre diferentes temas.

Recursos

Utilizaranse os seguintes soportes: libros, revistas, xornais, anuncios, etiquetas, recibos, facturas, cd-rom, xogos multimedia, lectura en rede, gráficos, gráficas, mapas, planos, problemas, táboas, imaxes,...

Avaliación do Plan Lector

- Desenvolver a competencia comunicativa oral e escrita.
- Desenvolver a competencia lectora e literaria.
- Crear e desenvolver o hábito lector.
- Adquirir técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
- Desenvolver unha lectura segura, fiable e fluída con todo tipo de textos.
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.
- Utilizar a biblioteca escolar como un espazo referente da vida diaria do centro.

- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos seus fondos e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar e de aula.
- Facer un uso autónomo da biblioteca escolar e de aula, e por extensión, doutras bibliotecas.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Dende o curso 5º de E.P., contribuírase á adquisición dos obxectivos do Proxecto Lingüístico, levando a cabo unha serie de actividades, tales como:

- Lectura de diferentes textos en galego.
- Elaboración de murais.
- Debates de aula utilizando correctamente a lingua galega.
- Elaboración dun glosario de área con vocabulario de nova adquisición
- Participación nas distintas conmemoracións, tanto de forma oral como escrita.
- Redacción de documentos utilizando un vocabulario axeitado para a revista escolar.

14. ACTIVIDADES DE REFORZO/ RECUPERACIÓN.

Avaliación e recuperación son dous conceptos estreitamente vencellados. A avaliación achéganos datos sobre a evolución do alumno no seu proceso de aprendizaxe e, asemade, esixe a recuperación cando eses datos non son satisfactorios.

Polo tanto, é esencial detectar se o problema é de tipo cognitivo – coñecementos insuficientes nunha área determinada- ou afectivo –falta de interese e motivación, actitude negativa, inadaptación social e escolar- . Neste segundo caso a intervención pasará por unha recuperación máis psicolóxica que didáctica.

No suposto de que a dificultade ou carencia detectada sexa de tipo cognitivo é fundamental actuar de xeito inmediato e terá un carácter retroactivo completando e afondando naqueles baleiros que se consideren básicos –con fichas de práctica ou reforzo que melloren as súas competencias-, readaptando o ritmo do proceso de aprendizaxe ou as estratexias metodolóxicas, modificando a maneira de facer a avaliación e mesmo reflexionando sobre a propia acción docente.

Se estas actuacións non frutifican será conveniente solicitar o asesoramento do departamento de orientación co fin de reorientar o labor docente cara outras estratexias ou sopesar a posibilidade de recibir apoio por parte dun docente especialista.

Nalgúns casos, nos que as estratexias de recuperación non dean o resultado esperado, a repetición de curso poderase facer necesaria e mesmo positiva.

Durante o desenvolvemento dos contidos, prestarase especial atención aos alumnos/as que deban recuperar a materia do curso anterior, mediante explicacións e realización dalgunhas actividades que poderán facer na casa.

15. MATERIAIS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO.

Materiais utilizados polos mestres-titores:

- Libro do alumno Edixgal.
- Cadernos de ortografía.
- Fichas de elaboración propia
- Libros de lectura persoais dos alumnos.

- Libros da biblioteca.
- Dicionarios.
- Revistas,xornais,páxinas web, blogs,...
- CD e DVD.
- Ordenador da aula.
- Programas educativos interactivos.
- Encerado dixital.
- Fichas, murais,carteis,...
- Material recollido na natureza (follas, flores, rochas,...).
- Material funxible (papel vexetal, ceras,...).
- Fotografías, vídeos
- Moedas e billetes.
- Instrumentos de medida de peso e de volume.
- Instrumentos de medidas de ángulos.
- Calculadora.
- Gráficos e táboas de datos.
- Cinta métrica e metro.
- Mapa de estradas.
- Regra, escuadra, cartabón, compás e semicírculo.
- Cartolinas, tesoiras e rotuladores.
- Xogos da aula.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Ao longo do curso escolar levaranse a cabo unha serie de actividades complementarias e extraescolares nas que participará o alumnado de quinto curso de E.P., tales como:

- Asistir a charlas informativas por profesionais que completarán a formación do alumnado (perigos de internet, substancias nocivas para a saúde,...).

- Asistir a actividades teatrais ofertadas para a animación á lectura.
- Participar no magosto, nadal, entroido, día do libro, día das letras galegas con traballos e actuacións grupais.
- Excursión de fin de curso, a cal se fai fóra do concello de Lousame, comparte carácter lúdico e cultural na formación do alumnado. Lugar e data a determinar. Sempre e cando as condicións sanitarias e de aforo o permitan.
- Saída ao cine a ver unha película educativa. Película e data por determinar. Sempre e cando as condicións sanitarias e de aforo o permitan.
- Efemérides concretadas en Claustro tales como: Día Internacional da Violencia de Xénero (25 de novembro), Día da Paz (30 de xaneiro), Semana da Prensa no colexio (do 11 ao 15 de marzo), Día do Libro (23 de Abril) e Día das Letras Galegas (17 de maio), estes e outros a maiores que poidan xurdir nas vindeiras reunións de ciclo.
- Actividades ofertadas polo concello.

17. PROCEDEMENTO E SISTEMÁTICA DE CONTROL, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE E OBXECTIVOS DA ETAPA, POR PARTE DO ALUMNADO.

Nome:

Curso:

| | OBXECTIVOS | NON ACADADO | EN PROCESO | ACADADO |
|---|---|--------------------|-------------------|----------------|
| a | Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. | | | |
| b | Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no | | | |

| | | | | |
|---|---|--|--|--|
| | estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. | | | |
| c | Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan. | | | |
| d | Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos. | | | |
| e | Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas. | | | |
| f | Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. | | | |
| g | Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá. | | | |
| h | Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia. | | | |
| i | Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, | | | |

| | | | | |
|---|---|--|--|--|
| | desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren. | | | |
| j | Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. | | | |
| k | Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. | | | |
| l | Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. | | | |
| m | Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. | | | |
| n | Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. | | | |
| o | Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. | | | |

| | COMPETENCIAS CLAVE | NON ACADADO | EN PROCESO | ACADADO |
|---|---|------------------------|-----------------------|----------------|
| 1 | Comunicación lingüística. CCL | | | |
| 2 | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CMCT | | | |
| 3 | Competencia dixital. CD | | | |
| 4 | Aprender a aprender. CAA | | | |
| 5 | Competencias sociais e cívicas. CSC | | | |
| 6 | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. CSIEE | | | |
| 7 | Conciencia e expresións culturais. CCEC | | | |

18. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA AVALIACIÓN A PROPIA PROGRAMACIÓN/PRÁCTICA DOCENTE.

Derívase do propio proceso avaliativo das aprendizaxes, xa que o grao de éxito ou fracaso na consecución destas por parte do alumno medio, determinará o grao no que se acadaron as intencións recollidas na programación e a pertinencia de modificacións e reaxustes sobre a estratexia didáctica co fin de achegarse ás condicións reais dos alumnos.

De darse nunha proporción alta, uns resultados negativos avaliarase a pertinencia dos obxectivos e a adecuación da metodoloxía didáctica empregada a fin de reorientar o labor docente.

Para avaliar a práctica docente deste curso, os mestres recorren ás seguintes cuestións: Que avaliar?, A quen avaliar? e Cando avaliar?.

Que avaliar?, no proceso de ensinanza por parte do mestre/a avalíase a propia práctica docente, ven sendo o modo de transmisión da información que ten que chegar clara e precisa ao noso grupo; no proceso de aprendizaxe avalíase ao alumnado, tanto os coñecementos previos como a evolución cara os novos.

A quen avaliar?, no proceso de ensinanza avalíase ao profesorado, todos aqueles matices, feitos, exemplos, modos,...que contribúen a chegar eficazmente ao grupo-clase; e no proceso de aprendizaxe avalíase ao alumnado, todos os resultados obtidos de maneira individual e grupal, todo aquilo que foi asimilado en dito proceso, reflexións, opinións,...

Cando avaliar?, facendo referencia aos momentos temporais, atenderase a unha Avaliación Inicial (buscar o punto de partida do grupo-clase en xeral e individualmente), unha Avaliación Continua (durante a realización do proceso de aprendizaxe, así como corrixindo posibles problemas de aprendizaxe e reforzando o proceso de ensinanza), e cunha Avaliación Final(unha vez finalizado o curso escolar, faise unha avaliación, unha reflexión da consecución dos obxectivos propostos e anótanse os cambios propostos).

Utilizaremos os seguintes instrumentos para avaliar a propia programación e a practica docentes:

| Avaliación da Programación | | |
|---|-----------|------------|
| | Si | Non |
| Comprobamos a coherencia entre obxectivos, contidos, actividades de aprendizaxe e avaliación. | | |
| Xurdiu algún problema que non se previu? | | |
| Resultou adecuado o material utilizado? | | |
| Espertou o interese dos alumnos? | | |
| Utilizáronse actividades adecuadas? | | |

| | | |
|---|-------------------------------------|--|
| As actividades despertaron o interese dos alumnos? | | |
| A maior parte dos alumnos aprenderon o previsto de acordo aos obxectivos? | | |
| | Explicación das observacións | |
| Como se resolveron os problemas que xurdiron? | | |
| Que actividades causaron problemas? | | |
| Que actividades conviría cambiar ou suprimir? | | |
| Para o alumno, como foron as tarefas programadas? | | |

Ficha para avaliar o labor docente:

Avaliarase ao profesor de dúas formas: unha autoavaliación por parte do profesor a través dun rexistro ou lista de control e un cuestionario que se lle pasará ao alumno ao final do curso.

| | | | |
|---|-----------|------------|-----------------|
| Lista de control ou autoevaluación | Si | Non | As veces |
|---|-----------|------------|-----------------|

| | | | |
|---|--|--|--|
| Realizouse a programación de aula secuenciando os contidos e actividades segundo o previsto? | | | |
| Establecéronse criterios de avaliación e indicadores acordes cos obxectivos e contidos establecidos e secuenciados? | | | |
| Producíronse desordenes, altercados, descontrol, etc, durante o desenvolvemento das sesións? | | | |
| Analizáronse as causas? | | | |
| Solucionáronse? | | | |
| Damos información ao longo de todo o proceso de E-A? | | | |
| Foi suficiente e eficaz? | | | |
| Establecemos a posibilidade de seguir distintos ritmos de aprendizaxe? | | | |
| Establecemos as correspondentes adaptacións ordinarias específicas? | | | |
| Tívoise a axuda suficiente, tanto no deseño das adaptacións como na realización do plan cos alumnos con necesidades educativas específicas do DO/PT/educadores? | | | |
| Establecéronse as pertinentes actividades de ampliación e reforzo para os alumnos que teñen dificultades para alcanzar os obxectivos mínimos? | | | |

| Enquisa para a avaliación do profesor | Si | Non | As veces |
|---|----|-----|----------|
| Explicouche as tarefas e para que se fan? | | | |
| Gustáronche as actividades propostos polo/a mestre/a? | | | |
| Divertícheste facéndoas? | | | |

| | | | |
|--|--|--|--|
| O mestre estivo pendente nas sesións para axudarche e corririrche? | | | |
| Atopásete motivado na práctica das actividades? | | | |
| O mestre tratouche igual que aos teus compañeiros? | | | |
| | | | |

19. Relación coas familias

O equipo docente é o encargado de establecer as canles de relación escola-familia, que aparecen recollidas no Proxecto Curricular do Centro.

A colaboración dos pais/nais na escola terá dúas vertentes:

- Participación e xestión dos centros educativos a través da ANPA e do Consello Escolar.
- Participación colectiva mediante as reunións xerais, información escrita, actividades programadas dentro da escola...

Na reunión grupal de comezo de curso, os pais/nais serán informados dos criterios de cualificación correspondentes ao nivel que cursa o seu fillo/a. Así mesmo, poñerase á súa disposición a programación didáctica, podendo ser consultada na páxina web do centro.

20. CONCRECCIÓNS DA PARTICIPACIÓN DOS PAIS, NAIS E TITORES/AS LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO.

Intercambio de información, mediante diferentes soportes: entrevistas individuais, axenda, chamadas telefónicas,...entre os profesores e os pais, nais e titores sobre o desenvolvemento do proceso educativo, comentándolles as dificultades e os logros que van aparecendo no proceso de ensinanza-aprendizaxe e concretar actuacións de mellora entre todos.

21. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.

- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

As titoras traballaremos a través da plataforma Edixgal. Con este fin, está creada unha nova materia chamada Foro, que aparecerá xunto coas outras.

Na devandita materia, haberá dous apartados, un de AVISOS e outro de DÚBIDAS. No apartado de AVISOS irá aparacendo o traballo que deberán ir facendo, a modo de axenda. No apartado DÚBIDAS poderán realizar as preguntas que precisen, así como tamén o poderán facer mediante a mensaxería privada.

Trala experiencia do confinamento pasado, este curso subirase o traballo organizado día a día e por materias de xeito semanal, para facilitar unha mellor organización das familias. Deste xeito, o traballo axustarase mellor as diferentes realidades familiares.

No caso de semipresencialidade, publicaranse as tarefas a realizar de xeito diario na materia Foro. Así, o alumnado confinado poderá na medida posible, levar o ritmo da aula.

- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Todo o alumnado de 6º primaria conta cun ordenador cedido pola administración educativa, grazas ao proxecto Edixgal.

As titoras recabarán información de posibles incidencias e trasladarán os datos ao centro.

- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

O alumnado continuará o traballo a través da plataforma EVA, onde as titoras poden ter acceso as súas tarefas visonándoas e corrixíndoas, se é o caso.

As titoras poderán comunicarse co seu alumnado pola mensaxería privada da plataforma, polo Foro e empregar o Abalar Móbil para a comunicación coas familias.

22.RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

PERFIL COMPETENCIAL EN CIENCIAS NATURAIS DE 5º

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| 1 | Busca, selecciona e comunica información sobre un tema. | CCL, CSIEE, CAA, CD, CMCT |
| 2 | Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. | CAA, CSC, CMCT, CSIEE |
| 3 | Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes. | CMCT, CCL, CSC, CD, CAA, CSIEE |
| 4 | Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. | CMCT |
| 5 | Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. | CMCT, CCL, CSC |
| 6 | Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. | CMCT, CSC |
| 7 | Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. | CMCT, CCL |
| 8 | Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. | CMCT |
| 9 | Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu cuidado. | CMCT, CSC |

| | | |
|----|--|---------------------------|
| 10 | Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo. | CMCT |
| 11 | Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. | CMCT, CCL, CSC |
| 12 | Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; extraer conclusións e comunicar os resultados. | CMCT, CAA, CSIEE, CCL, CD |
| 13 | Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá. | CMCT, CCL |
| 14 | Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para a sociedade. | CMCT, CCL, CSC |
| 15 | Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación. | CMCT, CCL, CSC, CCEC |

PERFIL COMPETENCIAL EN LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 5º

| | | |
|---|---|-----------------|
| 1 | Aplica as normas sociocomunicativas: escoita activa, espera de quendas, participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora e normas. | CCL, CAA, CSC |
| 2 | Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume axeitados. | CCL |
| 3 | Comprende a de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais | CCL, CAA |
| 4 | Le en voz alta diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada. | CCL |
| 5 | Resume textos lidos de diferente tipoloxía e adecuados a súa idade, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. | CCL, CAA |
| 6 | Le voluntariamente en función dos seus gustos e finalidade persoal. | CCL, CAA, CSIEE |
| 7 | Escrebe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar. | CCL, CD, CAA |

| | | |
|----|---|-----------------------|
| 8 | Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar e ilustrar os textos, buscar información, crear táboas e gráficas. | CCL, CD, CAA |
| 9 | Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel. | CCL, CAA |
| 10 | Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto. | CCL |
| 11 | Utiliza as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaa nas súas producións escritas. | CCL |
| 12 | Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. | CCL |
| 13 | Crea sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados. | CCL, CAA, CSIEE, CCEC |
| 14 | Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade ou de produción propia. | CCL, CAA, CSC, CCEC |
| 15 | Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | CCL, CSC, CCEC |

PERFIL COMPETENCIAL EN LINGUA GALEGA E LITERATURA DE 5º

| | | |
|---|--|-----------------|
| 1 | Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo. | CCL, CAA |
| 2 | Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela. | CCL, CSC, CCEC |
| 3 | Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CCL, CAA, CSIEE |
| 4 | Comprende a información relevante de textos. | CCL, CD, CSC |
| 5 | Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados. | CCL |
| 6 | Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación. | CAA, CSC, CCEC |
| 7 | Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesión, de maneira xeral, os enunciados. | CCL, CAA, CSIEE |
| 8 | Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación. | CCL, CSC, CAA |

| | | |
|----|--|----------------|
| 9 | Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte. | CCL, CD, CAA |
| 10 | Recoñece as diferentes categorías gramaticais polasúa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición. | CCL, CAA |
| 11 | Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x. | CCL, CSC, CCEC |
| 12 | Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións. | CCL |
| 13 | Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral. | CCL, CAA, CCEC |
| 14 | Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | CCL, CCEC, CD |
| 15 | Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. | CCEC |

PERFIL COMPETENCIAL EN MATEMÁTICAS DE 5º

| | | |
|---|--|------------------|
| 1 | Realizar estimacións sobre os resultados esperados e contrastar a súa validez valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu uso. | CMCT, CAA |
| 2 | Distinguir entre problemas e exercicios e aplicar as estratexias adecuadas en cada caso. | CMCT, CSIEE, CAA |
| 3 | Analizar os erros cometidos para aprender deles. | CMCT, CAA, CSIEE |
| 4 | Ler, escribir e ordenar números romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas atendendo ao valor de posición das súas cifras. | CMCT, CAA, CCL |
| 5 | Facer pequenas operacións combinadas aplicando correctamente a xerarquía das operacións. | CMCT |

| | | |
|----|---|-----------------------|
| 6 | Realizar sumas,restas,multiplicacións e división con números naturais e decimais. | CMCT |
| 7 | Identificar os múltiplos e divisores dun número utilizando a multiplicación. | CMCT |
| 8 | Resolver sinxelos problemas aplicando os contidos e técnicas aprendidas. | CMCT, CAA, CCL, CSIEE |
| 9 | Facer medicións utilizando a unidade máis axeitada para expresar a medida. | CMCT, CAA |
| 10 | Realizar equivalencias e transformacións entre horas,minutos e segundos. | CMCT |
| 11 | Resolver sinxelos problemas de medidas. | CMCT, CAA, CSIEE |
| 12 | Compoñer figuras planas e corpos xeométricos utilizando figuras dadas. | CMCT |
| 13 | Resolver sinxelos problemas de xeometría. | CMCT, CAA, CCL, CSIEE |
| 14 | Analizar a información representadas en gráficas estatísticas. | CMCT, CAA, CCL |
| 15 | Resolver sinxelos problemas da vida cotiá sobre probabilidade. | CMCT, CAA, CCL, CSIEE |

PERFIL COMPETENCIAL EN PLÁSTICA DE 5º

| | | |
|---|--|-------------|
| 1 | Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaaas. | CCEC, CSIEE |
| 2 | Debuxa aspectos da vida cotiá. | CCEC, CSIEE |
| 3 | Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra. | CCEC, CCL |
| 4 | Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel a dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía. | CCEC, CCL |

| | | |
|----|---|------------------------|
| 5 | Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustarás necesidades. | CCEC, CSIEE, CCL |
| 6 | Utiliza e manexaoselementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula). | CCEC, CMCT |
| 7 | Constrúeobxectostridimensionais. | CCEC, CSIEE |
| 8 | Distingue o tema ouxénero de obras plásticas. | CCEC, CMCT |
| 9 | Completa e realiza os debuxos utilizando oscoñecementos aprendidos. | CCEC, CSC |
| 10 | Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. | CSC, CCEC |
| 11 | Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades. | CSC, CCEC |
| 12 | Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseñodixital, no tratamento de imaxesou na animación. | CD, CCEC |
| 13 | Coñece e usa as principaisferramentas básicas do debuxoxeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) | CCEC, CMCCT |
| 14 | Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría. | CCEC, CMCCT |
| 15 | Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas. | CCEC, CMCCT |

PERFIL COMPETENCIAL EN SOCIAIS DE 5º

| | | |
|---|--|-------------------------|
| 1 | Busca informaciónsempregando as TIC, organiza os contidos e comunícaos de maneira clara. | CAA, CD, CMCCT, CCL |
| 2 | Realiza e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. | CAA, CCL, CMCCT |
| 3 | Emprega de maneiraaxeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. | CCL, CAA, CMCCT, CSC |

| | | |
|----|--|-----------------------|
| 4 | Expón oralmente de forma clara utilizando vocabulario específico de carácter xeográfico, social e histórico. | CCL, CMCCT, CSC, CAA |
| 5 | Utiliza as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. | CCL, CD, CMCCT, CSC |
| 6 | Define o movemento de translación e de rotación e as súas consecuencias. | CMCCT, CCL, CAA |
| 7 | Describe e sinalanun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence. | CMCCT, CAA, CCL |
| 8 | Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade. | CCL, CSC, CAA |
| 9 | Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. | CMCCT, CCL, CSC |
| 10 | Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais. | CSC, CMCCT, CCL, CCEC |
| 11 | Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea. | CSC, CMCCT, CAA, CCEC |
| 12 | Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos. | CSC, CMCCT, CAA, CCEC |
| 13 | Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España. | CMCCT, CSC, CCEC |
| 14 | Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España. | CMCCT, CSC, CCEC, CCL |
| 15 | Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos. | CMCCT, CSC, CCEC |

PERFIL COMPETENCIAL EN VALORES SOCIAIS DE 5º

| | | |
|----|---|----------------------|
| 1 | Actúa de forma respectable e digna. | CSC, CSIEE |
| 2 | Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos. | CSC, CSIEE |
| 3 | Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | CSC, CSIEE, CCL |
| 4 | Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso. | CSC, CSIEE |
| 5 | Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas. | CSIEE, CSC |
| 6 | Dialoga interpretando e dando sentido ao que o e. | CCL, CSC |
| 7 | Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. | CAA, CSIEE, CSC, CCL |
| 8 | Emprega a linguaxe positiva. | CCL, CSC |
| 9 | Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais. | CSC |
| 10 | Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | CSC, CSIEE |
| 11 | Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | CSC, CSIEE |
| 12 | Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente. | CSC, CCL |
| 13 | Realiza un uso ético das novas tecnoloxías. | CD, CSC |
| 14 | Respecta as regras durante o traballo en equipo. | CSC |
| 15 | Respecta as normas do centro escolar. | CSC |

